

CONCLUSIÓNS DO FORO POLO CIVISMO

CONCLUSIÓNS DO GRUPO I: MOVIDA NOCTURNA E CONVIVENCIA

- 1.- O Concello de Santiago de Compostela, na súa actuación como Administración Pública, dará exemplo de civismo e dedicarase activamente a promover a cidadanía responsable.
- 2.- O Concello de Santiago dará a coñecer o marco normativo, publicitando o que está prohibido na cidade, garantindo que o texto das ordenanzas sexa coñecido por todos os veciños e veciñas e por todos os que a visitan.
- 3.- Corresponsabilizar á cidadanía á hora de transmitir os valores éticos que fomenten o civismo.
- 4.- Informar de todos aqueles recursos e servizos públicos que o Concello pon en marcha para facilitar un comportamento cívico. Neste senso, habilitarase un espazo na páxina web municipal para que se poidan consultar tanto as conclusións, como as ordenanzas e demais documentos relacionados cos temas de debate.
- 5.- Exercer a autoridade en cumprimento das Ordenanzas Municipais, especialmente en materia de ruído, intensificando e axilizando os procesos de inspección de sancións.
- 6.- Colaborar coas demais administracións, con competencias nesta materia, co obxecto de loitar contra o incumprimento da normativa vixente.
- 7.- Actuar de xeito transversal, garantindo que o vector civismo siga presente en grande parte da actuación municipal, incidindo sobre todos aqueles factores sociais que poidan dexenerar en incivismo.
- 8.- Que o respecto e o diálogo caractericen a forma de actuar do Concello, sobre todo nas aparicións públicas, para que resulte un modelo de convivencia.
- 9.- Recoñecer e difundir todas aquelas iniciativas cidadás dende o asociacionismo, organizando accións voluntarias individuais que poidan devir nun modelo de civismo.
- 10.- Sensibilizar á cidadanía en xeral, e aos pais en particular, das consecuencias do elevado consumo de alcohol e outras sustancias no ocio dos nosos mozos e mozas, e en especial en relación a presenza dos menores de idade.
- 11.- O dereito a divertirse e o dereito a descansar pode ser compatible, de non ser así, non se podería falar de compatibilización de ambos dereitos, senón que, sempre prevalecería o dereito ao descanso.
- 12.- Todas as modificacións que se produzan na Ordenanza de Convivencia, aprobada polo Concello, a respecto dunha mellor adaptación ao explicitado no Foro serán debatidas polo plenario do mesmo.

CONCLUSIÓNS DO GRUPO II: PRÁCTICAS AMBIENTAIS SAUDÁBEIS

A utilización inadecuada dos espazos públicos xera problemas ambientais que afectan á colectividade (ruído, sucidade...). O botellón é percibido como causa de problemas pero enténdese que é unha moda de difícil eliminación, sobre todo por métodos directos. A cuestión de “botellón si ou botellón non” é substituído por “botellón con ou sen educación”. Enténdese que é unha forma de socialización da xente moza (entre 15 e 23 anos), que se encontra a gusto por estar entre iguais, a maioría das veces en gran grupo, e percibida como “autoxestión”.

Apúntase tamén que hoxe téndese a beber rápido para emborracharse (ás veces con consecuencias de coma etílico) e que nas reunións para o botellón tamén circulan outras drogas. Por outra parte, tamén se sinala que hai xente que non bebe no botellón, que os mozos e mozas que teñen outros intereses ou fan outras actividades (deportes, música...) non fan ou non fan a miúdo botellón e que este, en xeral, vaixe deixando de facer a medida que se cumpren anos; dado que moitos/as dos usuarios do botellón son menores, fálese da responsabilidade das familias e da tolerancia actual.

Conclúese que o fenómeno do botellón hai que abordalo a través dunha batería de accións tales como:

- Reactivar o sentido da responsabilidade dos pais e nais sobre os menores de idade.
- Promover a educación cívica; por exemplo, no depósito adecuado dos residuos
- Realizar campañas sobre o consumo de alcohol, que atinxan tamén aos pais/nais.
- Propiciar ou desenvolver actividades atractivas para a xente moza. Neste sentido desde a asociación de hostalería nocturna apuntan que os locais poderían xogar un papel importante se se lles permitise realizar actividades nas primeiras horas (música en directo, teatro alternativo, proxección de curtas...) nos días en que máis se fai botellón, porque poderían atraer a potenciais usuarios/as e abaratar os prezos das consumicións.
- Facer cumprir a normativa e dar difusión ás sancións impostas, xa que poden exercer un efecto disuasorio para ouriñar nos espazos públicos, para accións ruidosas en horario intempestivo, para o abandono de residuos fóra dos equipamentos para eles, etc.
- Evitar as concentracións para o botellón en determinados sitios, particularmente en lugares “sensíbeis” (a policía sabe facelo porque o botellón xa non se fai na cidade histórica nin na praza da Constitución).
- Ter en conta que o botellón é un fenómeno xuvenil que en parte responde á busca de identidade e de autoafirmación como grupo, polo que falar negativamente do “botellón” non contribúe a que se perda interese pola súa práctica.

CONCLUSIONES DO GRUPO III: EDUCACIÓN CÍVICA.

Consideramos que o botellón constitúe unha forma nova de socialización xuvenil, e supoñendo a imposibilidade de impoñer* medidas represivas, centrámonos no difícil establecemento de normas para un proceso social que destaca por ser antinormativo. Mais que de normas ocupámonos pois das formas culturais asociadas e centrámonos nos efectos negativos do botellón e a necesidade de identificalos e actuar sobre eles para reducilos.

A Comisión detecta ademais un problema social de organización do tempo de ocio, laboral, etc. (descontrol, extensión, incompatibilidades) que excede claramente as nosas conclusións pero require un toque de atención e un debate máis amplo ao respecto sobre os horarios que organizan a vida social e produtiva.

Propostas a desenvolver cara os distintos axentes implicados, que deben ser entendidas e aplicadas conxuntamente para poderen ser efectivas:

- 1) Mozos e mozas: Formas de información, necesidade de deseñar ferramentas e recursos para a información sobre os efectos negativos e incívicos do botellón

Contémplanse diferentes posibilidades:

Exposicións nos mesmos espazos onde se celebran

Maratón fotográfico realizado por mozos sobre o botellón e os seus restos e efectos.

Sesións de traballo e debate nos centros educativos, na liña do xa realizado

- 2) Adultos. Considérase fundamental a concienciación, implicación e responsabilización de pais/nais e educadores da mocidade que participa neste acto social que é o botellón.

Compre deseñar tamén neste caso ferramentas e recursos para este colectivo

Destácase por exemplo a necesidade dun inquérito sobre o botellón que sirva de chamada de atención e ademais recolla información necesaria.

- 3) Locais. Atender á formación en termos de saúde pública coa implicación activa dos hostaleiros: *educar para beber*, prestixiar os locais e recoñecer varios séculos de cultura tradicional (quizais de máis para a xuventude?) en relación coa socialización nos locais públicos. Supón recoñecer e naturalizar as formas tradicionais de consumo como alternativa.

Neste sentido varias propostas están xa formuladas por asociacións de hostalería:

-facilitar nos locais actuacións musicais e artísticas, en parte promovidas polos propios mozos e mozas.

-“happy hour” a prezos reducidos de bebidas sen alcohol nos locais

- promover bebidas alternativas ás alcohólicas: concurso de cócteles sen alcohol

- 4) Medio social e medios de comunicación. Promover a implicación dos medios sociais para elaborar mensaxes sociais en relación con todo o anterior.

As propostas para colocar o asunto no debate público coa relevancia que merece, fórmulanse a continuación:

(Un exercicio de como desenvolver cada un dos puntos que neste caso faise a proposta da APSC)

- 1) Contactar cos directores e responsábeis dos medios de comunicación con sede en Santiago para informar das pretensións deste Foro. Solicitalles que remitan os nomes do xornalista ou xornalistas que se dedicarían ao tema que nos ocupa para establecer unha referencia fixa en todas as comunicacións que sexan necesarias. Tamén para recibir as súas achegas.
- 2) Crear un premio anual de xornalismo para o mellor traballo publicado en prensa, radio e televisión. As informacións contribuirán a resaltar as consecuencias negativas do consumo descontrolado de alcohol. A contía non será superior a 4.000 euros.
- 3) Presentar en rolda de prensa as conclusións do Foro.
- 4) O Gabinete de Prensa do Concello deberá poñer especial atención nas accións derivadas das conclusións deste Foro e no asunto en si, para presentarllo da forma máis atractiva posíbel aos medio de comunicación. Require un contacto fluído cos departamentos que organicen actividades relacionadas co asunto e derivadas deste Foro, para ver que pode ser ofrecido aos medios
- 5) Os departamentos que organizan as actividades deben ter presente que un dos obxectivos é que cheguen a coñecemento da sociedade a través dos medios de comunicación, o que redundará nunha mellor resposta.

*Unha parte do grupo de traballo entende que si se poden aplicar as normas dispoñíbeis para evitar o consumo de alcohol na rúa ou dificultar a súa venda con controis visíbeis para evitar a súa venda e consumo por menores, como acción complementaria.

CONCLUSIONES DO GRUPO IV: HABITOS DE CONSUMO

? Existen estudos, investigacións e informes que destacan a problemática xerada polo botellón e o consumo abusivo de alcohol e outras drogas na saúde dos adolescentes e xuventude:

?

- a. Urgencias 061 de Galicia: arredor do 11% das urxencias xestionadas no ano 2007 foron motivadas por menores de 10-18 anos.
- b. Botellón en Santiago (datos do Programa CREATIVE): Das 68 enquisas realizadas no curso escolar 2006-2007, realizadas na Alameda de Santa Susana, no horario do Botellón, amosase os seguintes datos, a idade media foi dos enquisados é de 19,79. Destes o 42,6% refire consumir alcohois fermentados, o 69,1% bebidas destiladas, o 39,7% consume tabaco e un 19,1 derivados do cannabis.
- c. Botellón en Galicia (datos do Estudio sobre o consumo de drogas en Galicia 2006): un 47% dos adolescentes e mozos/as galegos/as de 12-18 anos participaron algunha vez nun botellón. Un 30% dos que participan en botellón responde a unha tipoloxía de bebedor abusivo
- d. Informe da Comisión Clínica do Plan Nacional sobre Drogas: *Las Encuestas Domiciliarias sobre Abuso de Drogas en España (EDADES)1995-20054 realizadas por la Delegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas (DGPNSD), dirigidas a la población de 15 a 64 años, ponen de manifiesto que el alcohol sigue siendo la sustancia psicoactiva con un consumo más extendido entre la población española. De hecho, en 2005, un 93,7% de la población de 15-64 años lo había tomado alguna vez en la vida, un 76,7% en los últimos 12 meses, un 64,6% en los últimos 30 días, y un 14,9 diariamente en este mismo último período. Por edad, la prevalencia de consumo en los últimos 12 meses era máxima entre los 15 y los 24 años (80,0%), descendiendo ligeramente con la edad hasta los 55-64 años (68,6%).*

O Grupo de traballo valorou estes datos e outros moi relevantes das diferentes políticas e estratexias levadas a cabo no entorno da UE. Por iso, propón as seguintes **RECOMENDACIÓNS:**

1. En ningún caso se pretende demonizar nin dar unha visión negativa da xuventude galega nin do fenómeno do botellón. A finalidade das actuacións propostas enmárcanse na orientación preventiva de redución de riscos para a saúde.
2. Debe aprobarse, no ámbito da Comunidade Autónoma, unha normativa sobre o consumo de alcohol e outras drogas por parte dos menores. Neste sentido, o Anteproxecto de Lei integral en materia de drogodependencias e outros trastornos adictivos, constitúe un bo punto de partida.

Dita iniciativa lexislativa, recolle importantes actuacións e programas en materia de prevención da demanda do consumo de drogas.

Por outra banda, o fin último da regulación en materia de bebidas alcohólicas, non é outro que diminuír o seu consumo abusivo e indebido, tratando de impedir o mesmo entre os menores de idade. Así, entre outras medidas, prohibe a venda de todo tipo de bebidas alcohólicas aos menores de 18 anos e o seu consumo en lugares públicos.

3. Considérase preciso realizar actividades de sensibilización dirixidas aos pais e nais de menores de 18 anos, facendo fincapé no consumo abusivo de alcohol e outras drogas, os horarios de saída dos fillos/as, os límites e normas no ámbito familiar e o control no gasto en ocio nocturno. Todo iso co obxectivo de informalos e responsabilizalos das condutas non saudables, sendo conscientes de que son os responsábeis legais dos seus fillos menores.
4. Débense de potenciar, económica e tecnicamente, os programas e actividades preventivos que están debidamente avalados pola comunidade científica, no ámbito educativo, familiar e xuvenil (neste caso, a través das novas tecnoloxías). Neste sentido, o Concello ven realizando intervencións preventivas en colaboración co Plan de Galicia sobre Drogas que deben ser difundidas e máis amplamente desenvolvidas, contando coa achega económica de ambas administracións. Ao mesmo tempo, deben evitarse actuacións puntuais ou de escasa eficacia preventiva.
5. O Concello, co apoio da administración autonómica, promoverá unha campaña anual que teña como meta o incremento na idade de inicio no consumo de alcohol e outras drogas por parte dos adolescentes. Centrarse prioritariamente nos centros educativos e na etapa da ESO, tratando de facer partícipes a educadores, alumnado e pais/nais. O programa da UMAD “Diálogo a tres voces” é un exemplo de boa práctica para apoiar esta actuación.
6. Debe levarse a cabo tamén unha actuación formativa con mediadores xuvenís, prioritariamente con voluntariado universitario, coa finalidade de chegar máis e mellor aos adolescentes e xuventude de forma que sirvan de apoio aos programas preventivos para evitar conductas non saudables e, no seu caso, promover formas de consumo de menos risco.

Así mesmo, para a posta en marcha destas recomendacións é necesario seguir contando coa colaboración de todas as persoas e institucións implicadas no Foro.